Programación adaptada ao 3º trimestre do curso 2019-2020

CICLO FORMATIVO grao superior:

DIRECCIÓN DE COCIÑA

Módulo:

Recursos Humanos e Dirección de Equipos en Restauración

Índice

1. Identificación da programación 2

2. Criterios de cualificación e mínimos exixibles 2

3. Procedemento para a recuperación das partes non superadas 2

3.1 Actividades de recuperación 2

3.2 Proba de avaliación extraordinaria para alumnado con perda de dereito á avaliación continua (PD) 2

4. Medidas de reforzo, repaso e ampliación de contidos e aprendizaxes anteriores ao estado de alarma para todo ou parte do alumnado 2

5. Medidas de atención á diversidade do alumnado matriculado no módulo 3

CIFP COMPOSTELA
TLF 881 866 570 FAX 881 866 586
http://www.cifpcompostela.edu.es
cifp.compostela@edu.xunta.es

UNIÓN EUROPEA
Fondo Social Europeo
Cofinanciado por el programa Erasmus + de la Unión Europea

1. Identificación da programación

Centro educativo					
Código	**Centro**		**Concello**		**Ano académico**
15016000	Compostela		Santiago de Compostela		2019/2020
Ciclo formativo					
Código da familia profesional	**Familia profesional**	**Código do ciclo formativo**	**Ciclo formativo**	**Grao**	**Réxime**
HOT	Hostalaría e Turismo	ZSHOT04	Técnico Superior en Dirección de Cociña	Ciclos formativos de grao superior	Réxime modular

Código MP/UF	**Nome**	**Curso**	**Sesións semanais**	**Horas anuais**	**Sesións anuais**
MP0504	Recursos Humanos e Dirección de Equipos en Restauración	2019/2020	2	53	53

Profesorado asignado ao módulo	Luis Miguel Otero Prada

2. Criterios de cualificación e mínimos exixibles

Os mínimos exixibles para acadar a avaliación positiva no presente módulo - Gastronomía e Nutrición- garanten que o alumnado acade tódolos resultados de aprendizaxe vistos até o 13 de marzo de 2020, dun xeito equilibrado e cun grao de participación activa nos traballos e actividades a desenvolver. Asemade a alumna/o debe participar regularmente nas actividades programadas.

Para cumprir con estes mínimos exixibles, o alumnado deberá acadar os logros anunciados nos criterios de avaliación mínimos para cada unidade didáctica desenvolvida ao longo do curso académico, até o 13 de marzo de 2020, empregando os instrumentos de avaliación descritos na presente programación.

Os criterios de avaliación que deberá superar a alumna/o, así como os resultados de aprendizaxe relacionados, son os seguintes:

RA1 - Determina os postos de traballo e as súas funcións na área de restauración, e establece as características dos perfís profesionais.

- CA1.1 Identificáronse as etapas da planificación de cadros e previsión das necesidades de persoal.
- CA1.2 Definíronse as características de cada posto de traballo correspondentes a persoal semicualificado e cualificado.
- CA1.3 Caracterizáronse as funcións que debe desempeñar o persoal dependente.
- CA1.4 Definíronse os límites de responsabilidade, as funcións e as tarefas de cada posto de traballo.

- CA1.5 Valoráronse os principios deontolóxicos característicos no marco das empresas ou as áreas de restauración.

RA2 - Planifica os recursos humanos, aplicando os sistemas de organización do persoal dependente.

- CA2.1 Relacionáronse as novas tendencias empresariais en restauración cos equipos humanos.
- CA2.2 Establecéronse os sistemas de planificación de cadros de persoal e avaliáronse as variables necesarias.
- CA2.3 Definíronse as quendas necesarias, as xornadas, o calendario anual e o descanso para o correcto funcionamento do establecemento ou da área de restauración.
- CA2.4 Avaliáronse os tempos de traballo das actividades profesionais máis significativas en restauración.
- CA2.5 Traballouse con software de xestión de cadros de persoal.
- CA2.6 Establecéronse as técnicas dos métodos de medición de tempos.
- CA2.7 Identificáronse as técnicas de comunicación e motivación de persoal.
- CA2.8 Valorouse a normativa en materia laboral.

RA3 - Colabora na selección de persoal, tendo en conta as previsións e as necesidades da empresa.

- CA3.1 Identificouse o proceso de selección de persoal e as súas fases.
- CA3.2 Preparouse un plan secuenciado de selección de persoal.
- CA3.3 Recoñecéronse as técnicas de selección.
- CA3.4 Analizáronse os principais métodos para a selección de persoal semicualificado e cualificado.
- CA3.5 Elixíronse sistemas de recrutamento de persoal.
- CA3.6 Deseñáronse os aspectos técnicos da entrevista e dos tests.
- CA3.7 Recoñecéronse outros xeitos de selección.
- CA3.8 Valoráronse as persoas candidatas segundo o posto que se desexe cubrir.
- CA3.9 Valorouse o custo do proceso de selección.

RA4 - Integra o persoal da empresa, adaptando os modelos actuais de organización dos recursos humanos.

- CA4.2 Recoñeceuse a finalidade da formación.
- CA4.4 Recoñecéronse as motivacións dos traballadores da empresa.

- CA4.5 Caracterizáronse os elementos determinantes da motivación e da desmotivación no posto de traballo.
- CA4.6 Identificáronse técnicas de motivación.
- CA4.7 Valorouse a importancia de coñecer o clima laboral para analizar os factores motivadores e desmotivadores, e para solucionar os problemas.
- CA4.8 Deseñouse un plan de acollemento para novos traballadores.

O sistema de avaliación empregado consistirá en avaliación continua, polo que serán efectuadas varias probas de avaliación ao longo do curso. As ferramentas de avaliación empregadas serán tres: exames, traballos e actitude. Todas as probas de avaliación realizadas cualificaranse nunha escala entre 0 e 10 puntos, considerándose avaliación positiva a partir de 5 puntos.

Para o cálculo da cualificación final da alumna/o farase unha media ponderada de tódalas probas de avaliación realizadas con anterioridade ao 13 de marzo de 2020, coa seguinte ponderación:

- Exames (60%).
- Traballos (30%).
- Actitude (10%).

En calquera caso, se o alumno obtén unha cualificación de menos de 4 puntos en unha ou varias probas de avaliación, a cualificación final máxima posible será de 4 puntos, agás que a alumna/o recupere as partes suspensas no correspondente período de recuperacións.

Adicionalmente, poderán ser avaliadas as actividades propostas ao alumnado con posterioridade ao 13 de marzo do 2020, para incrementar a cualificación final do alumnado, atendendo aos seguintes criterios:

- Estas actividades teñen carácter voluntario, e polo tanto so poderán motivar avaliación positiva, e en ningún caso negativa.
- Estas actividades, conxuntamente poderán incrementar a media ponderada da cualificación final como máximo en 1 punto.
- Para que estas actividades sexan avaliables, é requisito imprescindible que a alumna/o recupere as partes suspensas, e acade avaliación positiva na media ponderada das probas de avaliación efectuadas con anterioridade ao 13 de marzo do 2020.
- Queda ao criterio do profesor decidir que actividades serán avaliables, e polo tanto poderán incrementar a cualificación final, de entre tódalas actividades propostas neste período.

3. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

3.1 Actividades de recuperación

Para recuperar as partes non superadas ao longo do curso, serán revisados na programación os RA e CA non superados polo alumno. Posteriormente, deseñarase unha proba de avaliación personalizada, que lle permita á alumna/o recuperar ditas partes e superar o módulo.

Realizarase unha única proba de recuperación por cada alumna/o, a cal será específica e personalizada en función das partes que deba recuperar a alumna/o. Dita proba de avaliación consistirá nun traballo escrito, que a alumna/o debe elaborar e posteriormente entregar ao profesor para a súa avaliación.

Cada unha das partes recuperables das que consta a proba de recuperación será cualificada nunha escala de 0 a 10 puntos. Posteriormente, estas cualificacións numéricas das partes recuperadas, incluiranse na media ponderada para calcular a cualificación final do módulo, substituindo á cualificación previa da parte que foi recuperada.

3.2 Proba de avaliación extraordinaria para alumnado con perda de dereito á avaliación continua (PD)

Aquelas alumnas/os que perdan o dereito á avaliación continua, teñen dereito a ser avaliados nunha proba de avaliación extraordinaria.

Esta proba extraordinaria consistirá nun único exame, no que serán avaliables tódolos contidos impartidos ao longo do curso até o 13 de marzo de 2020. Calquera contido novo impartido por primeira vez con posterioridade a esa data non será avaliado nesta proba.

Os alumnos avaliados por este sistema, serán cualificados nunha escala entre 0 e 10 puntos, considerándose o módulo superado a partires dos 5 puntos.

Esta proba de avaliación será preferentemente presencial no CIFP Compostela, sempre e cando as autoridades sanitarias e educativas así o permitan. No caso de que isto non sexa o posible, a proba farase online e a distancia.

4. Medidas de reforzo, repaso e ampliación de contidos e aprendizaxes anteriores ao estado de alarma para todo ou parte do alumnado

Dende a suspensión das clases froito do estado de alarma, propóñense ao alumnado toda clase de actividades e exercicios que permitan continuar coa súa formación a distancia. A este respecto, a comunicación có alumnado efectúase fundamentalmente a través de dous medios: correo electrónico, e aula virtual do CIFP Compostela.

As actividades propostas son de diversa índole, tales como exercicios e tarefas a resolver pola alumna/o, visionado de exposicións maxistrais en vídeo feitas polo

profesor, e participación en foros de debate, entre outros. Todas estas actividades propostas son fundamentalmente de dous tipos:

- Actividades de repaso e reforzo dos contidos anteriormente impartidos.
- Actividades relacionadas con contidos de nova impartición.

Así mesmo, o alumno dispón en todo momento de foros para a consulta de dúbidas na aula virtual, así como o correo electrónico do profesor, para consultar calquera dúbida sobre a materia que lle poida surxir.

Todos estes contidos poder ser susceptibles de avaliación, para incrementar a cualificación final da alumna/o, a criterio do profesor, tal e como se explica no punto 2 do presente documento.

5. Medidas de atención á diversidade do alumnado matriculado no módulo

Na *"Orde do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial"*, regúlase a avaliación inicial do alumnado, no seu artigo 28. Para atender á diversidade do alumnado matriculado no módulo, durante a primeira quincena do curso realizouse unha proba escrita de avaliación inicial sobre coñecementos previos. A información obtida con esta proba, xunto coa información facilitada polo titor/a, así como observación do alumnado ao longo do curso, serviu para adaptar a formación aos alumnos, tanto ao principio do curso como durante o mesmo.

Por outra banda, a excepcional situación de estado de alarma impide que a formación poida ser presencial. Neste senso, a dispoñibilidade de acceso ás novas tecnoloxías é fundamental para que o alumnado poida continuar a formación a distancia, e non se xeneren situacións de desigualdade entre o alumnado. Neste módulo procurarase, na medida do posible, paliar a vulnerabilidade tecnolóxica que poidan sufrir algunhas alumnas/os, sempre e cando a alumna/o manifeste previamente experimentar ditas dificultades:

- Dándolles a opción de realizar as tarefas manuscritas se non dispoñen de ordenador.
- Facilitando datas máximas de entrega para as actividades suficientemente amplas.
- Informándolles de que poden contactar co centro educativo para expor o seu caso.

A Coruña, 14 de maio de 2020.

Asinado: Luis Miguel Otero Prada.